

## X Concurso "A Ciencia en Imaxe"

*Organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física,  
Matemáticas e Química da Universidade de Santiago de Compostela  
xunto coa Real Academia Galega de Ciencias*

Convócase á Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para participar na décima edición do Concurso "A Ciencia en Imaxe", organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas, Química da USC, e pola Real Academia Galega de Ciencias con motivo da celebración da festividade de San Alberte Magno, patrón das facultades de Ciencias. Como novidade, nesta edición incorpórase a categoría de carteis divulgativos "Domingo Fontán".

### Bases do Concurso

#### 1. Participantes e temática

Esta convocatoria está aberta á Comunidade Universitaria da USC.

A autoría das fotografías debe ser individual, mentres que a dos carteis pode ser individual ou grupal. No caso de autoría grupal debe indicarse no propio formulario de inscrición cal das/os autoras/es actuará como persoa de contacto.

A temática do concurso está aberta a calquera contido relacionado coas Ciencias (conceptos fundamentais, científicos/as, fenomenoloxía, aplicacións tecnolóxicas, temas de investigación...).

#### 2. Categorías e premios

Pódese participar nas dúas categorías seguintes:

- Fotografía
- Cartel divulgativo "Domingo Fontán"

Poderán concederse ata dous premios por categoría:

- 1º Premio: 200 euros
- 2º Premio: 100 euros

Todos os premios están suxeitos á normativa vixente en materia tributaria.

Poderán concederse unha ou máis mencións de honra a decisión do xurado.

### 3. Inscripción e distribución de obras

O prazo para inscribirse estenderase dende o 25 de outubro ata o día 8 de novembro de 2023.

O rexistro é gratuíto e terá lugar no momento no que a/o concursante envíe o formulario de inscrición e o arquivo coa fotografía ou co cartel divulgativo á dirección de correo electrónico [matematicas.cienciaenimaxe@usc.gal](mailto:matematicas.cienciaenimaxe@usc.gal). No asunto indícarase **A Ciencia en Imaxe: fotografía** ou **A Ciencia en Imaxe: cartel**, dependendo da categoría na que se queira participar.

Os datos proporcionados polas persoas participantes non serán utilizados para ningunha finalidade non relacionada co concurso. A USC comprométese a garantir a protección e privacidade dos datos facilitados.

### 4. Formato

Cada participante poderá presentar unha única aportación en cada categoría, dixitalizada e realizada con calquera equipo, profesional ou afeccionado, incluído o teléfono móbil.

Cada obra virá acompañada dun título e pode incluír un breve comentario ou reflexión do/a autor/a de non máis de 12 liñas.

As fotografías deben presentarse en formato JPG e ter un máximo de 5 MB. As fotografías no poderán ser retocadas electronicamente, tampouco se admiten fotomontaxes; unicamente se permiten mínimas correccións de cor e luminosidade. O nome do arquivo debe seguir o seguinte formato: `foto_título_pseudonimo.jpg`. O arquivo non pode conter ningunha información que permita identificar a autoría.

Cada persoa ou grupo participante poderá presentar un único cartel. Os carteis poderán realizarse en papel ou en formato dixital. No caso de que se fagan en papel, deberán estar dixitalizados. Alén diso, poderán conter fotografías e elementos gráficos de autoría propia ou dispor dos dereitos para empregalos.

As contribucións deben ser orixinais, inéditas (non publicadas en ningún medio de comunicación, mesmo dixital), non presentadas en edicións anteriores e non premiadas en concursos. De ser o caso, o/a autor/a sería automaticamente descualificado/a.

### 5. Composición dos xurados e criterios

O xurado do concurso de fotografía estará composto por un membro de cada unha das cinco Facultades organizadoras, un membro da Real Academia Galega de Ciencias e podería contar coa asesoría dun experto en imaxe. Ademais, serán membros do xurado a decana da Facultade de Matemáticas, ou persoa na que delegue, que actuará como presidenta.

O xurado do concurso de carteis “Domingo Fontán” estará composto por un/ha estudante de cada unha das Facultades organizadoras, un membro

da Real Academia Galega de Ciencias, a decana da Facultade de Matemáticas, ou a persoa en quen delegue, que exercerá a presidencia do xurado.

Os xurados decidirán por maioría cales son as obras premiadas, poderán declarar deserta calquera categoría e conceder unha ou máis mencións de honra. As decisións que adopten os xurados serán inapelables.

Para valorar as obras presentadas os xurados terán en conta os seguintes aspectos en cada unha das categorías:

- a) orixinalidade
- b) estética
- c) capacidade comunicativa
- d) calidade
- e) adecuación á temática do concurso.

## 6. Fallo dos xurados

O fallo dos xurados publicarase no Taboleiro Electrónico da USC e na páxina web da Facultade de Matemáticas.

Os premios entregaranse o día 14 de novembro na Aula Magna da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela durante o acto de celebración do patrón das Ciencias, San Alberte Magno.

## 7. Propiedade intelectual

A presentación ao concurso implica que as persoas participantes teñen a autoría orixinal dos traballos presentados, que posúen todos os dereitos propios e que non violan os dereitos de terceiros. No caso de que estes requirimentos fosen probados falsos, e/ou no caso de que se comezasen accións por parte de terceiros para defender os dereitos sobre a obra, as/os participantes serán responsables desta vulneración, sendo exonerada a organización do concurso de toda responsabilidade.

A participación no concurso *A Ciencia en Imaxe* implica a cesión libre á USC dos dereitos non exclusivos de reprodución, distribución e comunicación pública das obras premiadas. Da mesma forma, a USC podería cedelos a revistas, xornais, editoriais ou sociedades sen ánimo de lucro para as súas actividades de difusión a nivel nacional e internacional.

As persoas premiadas poderán facer públicos os traballos polos medios que consideren facendo constar que recibiron un premio neste concurso.

## 8. Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases. Tamén conleva, no caso das/os participantes gañadoras/es, a publicación no Taboleiro Electrónico da USC e na páxina web da Facultade de Matemáticas dos seus nomes, apelidos e centro de procedencia.

## 9. Modificación das bases do concurso

A organización resérvase o dereito de modificación destas bases se as circunstancias así o requiren. Ditas modificacións publicaranse no Taboleiro Electrónico da USC

(<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) así como na web da Facultade de Matemáticas.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En nome das decanas e decanos das Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas e Química da Universidade de Santiago de Compostela e da Real Academia Galega de Ciencias

M. Elena Vázquez Cendón

Decana da Facultade de Matemáticas da USC

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON, DECANO A DA FACULTADE DE MATEMATICAS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/10/2023 12:40:25.

**CSV:** CC8D-1405-46E7-B16E